

## Elas e soas. A vulnerabilidade e a ausencia na produción literaria galega marcada polo exilio

Ana Garrido González<sup>1</sup>

Recibido: 20 de xuño de 2016 / Aceptado: 26 de outubro de 2016

**Resumo.** Neste artigo, partindo dalgúns exemplos de Rafael Dieste e Luís Seoane, indagamos na razón pola cal nalgúns textos de autores exiliados tralo golpe de estado de 1936 a viúva de vivo, como modelo fundacional da espera, deixa de ser apenas una metáfora da feminidade que encarna a nación. A construción da memoria e da identidade simbólico-cultural do exilio e da emigración galegas están feitas en clave de odisea colectiva. Polo tanto, a comunidade transnacional ha de ter un vínculo coa idea de retorno. De aí a importancia central da representación da ausencia e da espera nas súas obras e a presenza da viúva de vivo como representación da nación. Porén, en moitas ocasións, a muller real rexurde da metáfora cando os exiliados a tratan como suxeito histórico merecente de memoria e conectado co presente. Do mesmo xeito que acontecera na sección “Viúvas de vivos” de *Follas Novas*, ao centrarse na situación durísima na que elas viven devólvenlles a voz que a mitificación e a descorporización lles arrincara. Isto acontece porque estes autores, como desterrados, escriben desde unha posición exílica dentro do sistema literario, de modo semellante a como escribira Rosalía de Castro polo feito de ser muller. Desde este espazo marxinal vense obrigados a afrontar os valores decimonónicos e patriarcais sobre os que asenta o naturalizado vencello entre nación e cultura, achegando outras lecturas que o nacionalismo esencialista tiña deixado fóra e que eles necesitaban para facer unha reconstrución da identidade nacional desde posicións ideolóxicas novas derivadas da vivencia da Guerra Civil e da necesidade de convivir e dialogar con outras culturas.

**Palabras chave:** Viúva de vivo; nación; Luís Seoane; Rafael Dieste; exilio.

## [es] Ellas y solas. La vulnerabilidad y la ausencia en la producción literaria gallega marcada por el exilio

**Resumen.** En este artículo, partiendo de algunos ejemplos de Rafael Dieste y Luís Seoane, indagamos en la razón por la cual en algunos textos de autores exiliados tras el golpe de estado de 1936 la viuda de vivo, como modelo fundacional de la espera, deja de ser apenas una metáfora de la feminidad que encarna la nación. La construcción de la memoria y de la identidad simbólico-cultural del exilio y de la emigración gallegas están hechas en clave de odisea colectiva. Por lo tanto, la comunidad transnacional ha de tener un vínculo con la idea de retorno. De ahí la importancia central de la representación de la ausencia y de la espera en sus obras y la presencia de la viuda de vivo como representación de la nación. Sin embargo, en muchas ocasiones, la mujer real resurge de la metáfora cuando los exiliados la tratan como sujeto histórico mereciente de memoria y conectado con el presente. Del mismo modo que acontecía en la sección “Viúvas de vivos” de *Follas Novas*, al centrarse en la situación durísima en la que ellas viven, le devuelven la voz que la mitificación y la descorporización les arranca. Esto ocurre porque estos autores, como desterrados, escriben desde una posición exílica dentro del sistema literario, de modo semejante a como escribía Rosalía de Castro por el hecho de ser mujer. Desde este espacio marginal se ven obligados a afrontar los valores decimonónicos y patriarcales sobre los que se asienta el naturalizado vínculo entre nación y cultura, aportando otras lecturas que el nacionalismo esencialista había dejado fuera y que ellos necesitaban para hacer una reconstrucción de la identidad nacional desde posiciones ideológicas nuevas derivadas de la vivencia de la Guerra Civil y de la necesidad de convivir y dialogar con otras culturas.

**Palabras clave:** Viuda de vivo; nación; Luís Seoane; Rafael Dieste; exilio.

## [en] They and Alone. The Vulnerability and Absence in Galician Exile’s Literary Production

<sup>1</sup> Uniwersytet Warszawski / Universidade de Varsovia, Instytut Studiów Iberyjskich i Iberoamerykańskich / Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos.  
E-mail: [www.iberystyka.uw.edu.pl](http://www.iberystyka.uw.edu.pl)

**Abstract.** In this paper, making use of some examples, we will look into the reasons that explain why in some texts, written by authors in exile after the 1936's coup d'état, the concept of the 'widow of a living husband', as a constituent model of the waiting, stops being just a metaphor of the femininity as an embodiment of the nation. The creation of memory and symbolic-cultural identity of the Galician exile and emigration is done with a collective epic tone. Therefore, the transnational community must be linked with the idea of the return. Hence the central importance of the absence and waiting representation in the works done in the exile and the presence of the widow of a living husband as a representation of the nation. Consequently, in many occasions, the exiled authors address these women as historical subjects deserving memory and connected with the present. As happened in the section "Viúvas de vivos" from *Follas Novas*, focusing in their onerous situation gives them back the voice taken by the mythification and disembodiment. This is possible because these authors write from an exilic position in the literary system, in like manner as Rosalía de Castro wrote for the only reason of being a woman. From this marginal position, they were forced to confront the nineteenth-century, patriarchal values which were the basis of the naturalized bond between nation and culture loses strength, bringing closer other interpretations once left out by the essentialist nationalism and now needed to rebuild the national identity from new ideological positions coming from the experience of the civil war and from the necessity of coexistence and dialogue with other cultures.

**Keywords:** Widow of a Living Husband; Nation; Luís Seoane; Rafael Dieste; Exile.

**Sumario.** 1. A nación cultural. 2. A construción da identidade transnacional. 3 Conclusións. 4. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Garrido González, A. (2017): "Elas e soas. A vulnerabilidade e a ausencia na produción literaria galega marcada polo exilio", *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 20 (Núm. especial), pp. 127-134.

## 1. A nación cultural

*A muller é  
un cristal  
atravesado por  
unha nación*

Lupe Gómez, "Enfoque teórico"  
(*Pornografía*, 1995)

No século XIX, o discurso literario galego carecía de autonomía ao estar ao servizo das esixencias de articulación dun imaxinario nacionalista, pois a produción literaria renacera marcada polo feito de ser o único espazo público posible. Podemos falar, xa que logo, de "nacionalismo literario" (González Millán 1994: 77). Este feito acostuma ser común ás comunidades sen Estado, como Galicia, nas que o vencello naturalizado entre cultura e nación

funciona como discurso lexitimador dunha identidade diferenciada que ademais adoita por a énfase, primordialmente, nunha construción baseada naquilo que se contempla como ortodoxo e perenne na nación (Hooper 2005). En resumo, literatura e identidade nacional van, no caso galego, irremediabilmente unidas. Este feito tórnase especialmente crucial e problemático se atendemos non só á muller como escritora senón ao papel desta como representación literaria ou como personaxe, xa que, como argumenta Kristi Hooper: "unha característica importante do nacionalismo cultural esencialista, tanto en Galicia como noutros contextos, é a disolución ou a ocultación da diferenza, sexa esta diferenza lingüística, xenérica, étnica ou sexual" (2005: 47). Así, a vida das mulleres reais atópase normalmente fóra das bases históricas sobre as que se constrúe a narrativa nacional e o papel da muller nos mitos de orixe é consecuentemente marxinal. Deste xeito, aínda cando a personaxe feminina estea, aparentemente, no centro da narración ou do poema, como é o caso de moitas Penélopes tradicionais na literatura galega, a muller destes textos é un ser pasivo, resignado e está transmutado en figura esencializada e en mera representación da nación.

Xa os provincialistas da década de 1840 presentaban nas súas obras a Galicia como unha muller maltratada, unha nai agraviada. É o que Justo Beramendi chamou "síndrome da aldraxe" ao redor do cal se organizan os primeiros intentos de reivindicación patriótica do discurso proto-galeguista de 1840 e que ademais establecía un paralelismo co que entendían como queixa lírica da poesía feminina que nestes anos comezaba a camiñar e que coincidía cos principios do humanismo filantrópico dos provincialistas e a súa querenza polos sentimentos (Pérez Lucas 2007: 305-306). Querenza que ten na base o feito de considerar que o sentimentalismo "podería axudar a contrastar as estereotipadas descrições españolas, que pintavam o povo galego como bárbaro e grosseiro" (Miguélez-Carballeira 2014: 27) e que se viña a xuntar cunha naturalización da sexualización en feminino da nación que tiña o seu orixe no celtismo (González Fernández 2009: 105), e coa tendencia xeral a proxectar os valores femininos no espazo (en especial no rural):

Alain Roger (1997, 176), the French theoretician of landscape, used the expression "l'érotisation du paysage" to explain the tendency to project

aesthetic values of the feminine body onto the land. (...) This semiological trait is rendered natural through repetition, becoming codified, in a kind of grammar, with language, the primary system of modalisation, thus used to establish values and ideas in the social imaginary, these values carrying a high ideological burden in relation to gender. Westling (1996, 5) stresses how in such descriptions there is a combination of “eroticism and misogyny”. (...) Although there is a tendency to feminise every space (whereas time, for example, is invested with masculine traits), this tendency is perhaps sharpest when we refer to natural spaces. In fact, urban spaces are often described with the clash between masculine/feminine desires, projecting the duality of civilization/nature that forms part of the traditional symbolism of gender patterns. (...) Given that industrialization and urban development took place quite late in Galicia, the strong rural character of this region enhanced the construction of a geographical imaginary closely linked to femininity. (López Sande 2016: 19)

Deste xeito, non é de estrañar que os provincialistas viran na vulnerabilidade da muller que quedaba agardando soa, aos heroes envoltos en mil batallas ou a aqueles que se enfrontan ao mar pola emigración, unha boa imaxe para denunciar a situación de abandono que vivía o país.

### Á Galicia<sup>2</sup>

Si os fillos teus os mesmos son agora,  
E tès tan ricas frores na tua abada,  
¿Porque te vejo así desmacelada  
*Galicia?* ¿o folgo teu porque te acòra?  
¿Te does de que muitos, ou Señora,  
Se ven laceradismos na probeza  
Sin poder disfrutar da tua riqueza,  
E se larguen da terra para fóra?  
¿Laméntaste de ver por eses mares  
*Os teus queridos fillos,*  
*Que lexos se van pór dos patrios lares*  
Quizais a padecer en duros grillos?  
¿Ti choras vendo a outros sin piedade  
En cárceres morrendo  
Caídos po la gran necesidade  
Cal si crime fixeran muy horrendo?  
¿Presomes de que chegue à eternidade  
A ley do contrabando cubizoso,  
E que libres jamais a ver se tornen  
Os bèns que o Cèo danos bondadoso?

¿Con ollo lacrimoso  
*Recorres as Salinas da tua costa*  
*Que deron a Salnés en outros días*  
*O nome, e abundancia às tuas rías?*  
¿Magóate esa venda carniceira (...)

Xoán Manuel Pintos (*Galicia. Revista de este Reino* 23, 1/9/1861, pp. 364-368)

Neste poema unha muller triste e soa, cargada de sentimentalismo, percorre chorando a costa, unha visión que ademais resulta fantasmal pois é un ser eterno, esencializado, que agarda unha redención que non sabemos se vai chegar. O suxeito político toma corpo na figura penelopiana da muller soa, xa que feminizándoo fai máis comprensible e máis patente a inxustiza (González Fernández 2012: 94). Esta metáfora da nación que agarda a redención chega a converterse nun tópico na literatura galega, do que probablemente o poema “Penélope” de Díaz Castro, incluído no poemario *Nimbos* (1961), sexa o exemplo máis claro e máis coñecido:

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,  
e a tea dos teus soños non se move.  
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.  
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos  
che estrolla o sono mol coma unha uva.  
Pro ti envolveste en sabas de mil anos,  
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día  
a xente que levaron. Deus é o mesmo.  
Suco vai, suco vén, ¡Xesús María!,  
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,  
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.  
Vaise enterrando, suco a suco o Outono.  
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!

Nel, como no poema de Xoán Manuel Pintos, denúnciase a situación de abandono que vive Galicia. Neste caso establecendo un paralelismo entre esta e unha Penélope adormecida.

Díaz Castro pensa unha Galicia pasiva, inmóbil, durmida, apenas perturbada por un murmuro afastado de navíos, inscrita nun tempo mítico de espera no que se augura o retorno distante e sen

<sup>2</sup> As secuencias en itálico son nosas.

data de aqueles aos que os “camiños” conduciron lonxe. Describe Galicia con trazos que tradicionalmente se teñen atribuído á femineidade, o que permite, ou cando menos favorece, a sensación de estatismo e permanencia. Díaz Castro parte dunha idea ben asentada no discurso da nación: a muller tradicional non progresa, permanece estática nun mesmo punto, repetindo día a día as mesmas labores (Vázquez López 2007: 313). Traballa seguindo o ritmo repetitivo e cíclico das colleitas. Son estes trazos os que a converten nunha constante, a Penélope, o porto seguro ao que volver. (Garrido González 2015: 185)

Como ben resume o verso que encabeza este apartado, e que tamén fai seu Burghard Baltrusch no seu artigo “Galicia entre a lusofonía e o posnacionalismo” (2008), as mulleres son no discurso cultural nacional seres fráxiles e transparentes, vemos a nación a través delas pero non as vemos a elas, pois están reducidas a esencia estática, permanente e inmóbil como a representación impón. No centro do discurso están elas e están soas pero son invisibles e están reducidas a un só ser: Galicia.

Porén, por máis depuradas que adoiten estar estas imaxes da nación da súa corporeidade real, dificilmente a figura feminina non remata por resultar conflitiva e devir da marxe ao centro en contextos nos que quen escribe está na periferia, fóra dos valores patriarcais e decimonónicos do discurso nacional e por riba sábese cunha identidade inadapta da (Baltrusch 2008: 60). Este último sería, por exemplo, o caso da sección “Viúvas de vivos” de *Follas Novas*, na que as personaxes femininas, aínda sendo representación da nación, están moi lonxe de ser unha mera abstracción. Son o esclavón máis vulnerable da emigración ao quedar abandonadas e soas pero revélanse contra a súa situación. Son mulleres con nome propio que non se resignan, que se suicidan, que emigran, que mostran unha representación feminina non prevista nin nos discursos da nación nin da vindicación do XIX (González Fernández 2009).

## 2. A construción da identidade transnacional

En *Unha nova volta ás cartografías da cultura galega: lecturas posnacionais, lecturas relacionais*, Kirsty Hooper cavilaba sobre o que pode aportar ao campo dos estudos galegos un modelo alternativo de ‘lecturas relacionais’, inspiradas no traballo dos estudosos caribeños Edouard Glissant e Stuart Hall, como

punto de partida para unha revisión teórica e metodolóxica da historia cultural de Galicia, tentando desnaturalizar o xa mencionado vellelo entre nación e cultura para posibilitar outros achegamentos e outras lecturas que o nacionalismo existencialista ten deixado fóra. Por outra banda, neste artigo a autora tamén reflexiona sobre as posibilidades e conflitividades en si e fronte a outros de termos como *posnacional*, que ela mesma defendera anteriormente, ou *transnacional*, defendido por Baltrusch, sobre o que esta afirma:

A vantaxe do termo transnacional fronte ao termo posnacional é a súa colocación nun plano máis espacial ca temporal: ou sexa, que un modelo transnacional non implica a superación do modelo nacional, senón a súa transferencia a outros contextos ou outros lugares. Evidentemente, este é un modelo relevante, por non dicir moi útil, na explicación da historia da Galicia ‘portátil’ que Baltrusch desenvolve botando man da frase de Manuel Rivas. Con todo, o problema dos modelos que buscan declinar o nacional –sexa pos/trans ou intra nacional– é que facilitan o predominio e a naturalización da versión esencialista da nación. (Hopper 2005: 52)

Non pretendemos neste artigo poñer en cuestión a validez ou pertinencia de ningún destes termos, nin afirmar que algún deles nos permita superar, totalmente, o modelo da nación esencialista, pero si consideramos que é discutible que o termo *transnacional*, que se define como aquilo que excede o marco da nación, e que en Galicia ten a súa base na emigración e no exilio ocasionado polo golpe de estado de 1936, implique simplemente unha “portabilidade”, un cambio de lugar sen máis e moito menos que facilite o predominio da versión esencialista da nación. De feito, como xa vimos, o nacionalismo esencialista ten unha base moi xeográfica, nace vinculado a terra. Ademais, exiliados e emigrados están por definición á marxe, a propia deslocalización implica necesariamente unha reelaboración da identidade persoal, máis aínda cando é froito dunha situación imposta, xa sexa por causas económicas, políticas ou sociais que obrigan ao individuo a adaptarse a acontecementos non previstos. Por outra banda, se entendemos o exilio como un mecanismo de construción de novas subxectividades (cunha especificidade que reside na súa marxinação do discurso nacional) podemos contemplar a emigración e

o exilio derivado da Guerra Civil como unha parte dun conxunto máis amplo. “A separación de individuos da súa nación pode adoptar múltiples formas: separación aparentemente voluntaria, expulsión, exclusión, auto-exclusión, marxinalidade, desprazamento do centro...” (Ilie 1980: 9-10). Son precisamente estas voces marxinais ás que a historia da literatura galega deixa fóra, mal interpreta ou interpreta de xeito monolítico cando ten os pés enriba da cultura nacional esencialista, contraatacando a resposta consciente da experiencia exílica que chega, en ocasións, a superar o discurso nacional tradicional a partir de novos lugares discursivos e subxectivos que reconstrúen a cuestión da nación e os seus lides, ofrecendo interpretacións alternativas da identidade galega e do proceso de construción nacional. Os exiliados partían en gran medida de bases ideolóxicas novas (marxismo e internacionalismo) e convivían e partillaban con outras culturas, non podían manterse nos valores esenciais da nación, necesitaban ser permeables e permeabilizar en aqueles nos que buscaban colaboración:

el exilio gallego buscó consciente y planificadamente la reconstrucción de la memoria cultural gallega a partir del hecho migratorio, en busca de una nueva identidad para Galicia, acorde con el trauma ocasionado por la derrota, el terror de la violencia fascista y con una visión mucho más universalista, fruto no solo de la lucha contra el fascismo sino también de la convivencia con otras minorías marginadas, como los descendientes de los esclavos o los emigrantes que llegaron a América procedentes de otros países. (Garrido González 2015: 254)

Ademais, a Galicia transnacional dos exiliados foi un discurso cultural planificado que, ao noso entender, ten a súa base non tanto na terra senón na mobilidade, na emigración e o exilio como odisea épica (*Ibid.*), iso si, cun pé sempre no regreso. De aí a presenza nos seus textos das viúvas de vivos. Así, toda esta nova visión transnacional implicou necesariamente unha deconstrución e reconstrución da identidade nacional galega. A tensión entre a intelectualidade galega no país e os que tiveran que partir á outra beira do Atlántico enténdese se pensamos que estes tiñan un proxecto novo:

Os exiliados tiñan un espazo que lembrar e unha comunidade, a emigrante, coa que lembrar, pero precisaban reconstruír unha identidade e unha memoria colectiva novas (Assmann 1995:

125-133), acordes co trauma vivido coa Guerra Civil e o exilio. Para conseguilo, van indagar na memoria cultural galega, é dicir, na construción e reconstrución de aqueles coñecementos e experiencias colectivamente compartidos sobre o pasado, o mantemento das cales serve, segundo Assmann, a unha comunidade para estabilizar e transmitir a súa propia imaxe. Para isto parten dunha revisión e selección dos feitos e personaxes históricos, da emigración como odisea épica, dos espectros e da figura da muller que espera como representación da nación. (*Ibid.* 258)

Por outra banda, Baltrusch, en *Traducción e nación Galicia entre a lusofonía e o posnacionalismo*, dinos que para desvincular o discurso nacional dos valores patriarcais e decimonónicos non chega só coa (re)invención simbólica da tradición. A Galicia imaxinada (Anderson 1933) ten que ser quen de articular toda unha serie de redes sociais para:

situarse con éxito no palco da política cultural internacional (...) cunha identificación cultural novadora e transversal. Se as vontades de identificación cultural equivalen á reimaxinación de mitos comúns, ou sexa, a fenómenos discursivos cunha representación e cunha lóxica social capaz de reorganizar a división do real (cf. Bourdieu 1980), entón deben ser capaces de formar parte de diferentes ámbitos culturais e ideolóxicos. (Baltrusch 2008: 63)

Curiosamente, o exilio americano cumpría estas dúas premisas pois, por unha banda, refai a nación imaxinada e, por outro, en especial aqueles que traballaron con Seoane, buscaron dialogar coa sociedade galega emigrante, coa poboación autóctona e con exiliados doutras nacionalidades creando proxectos (editoriais, xornais literarios, emisións radiofónicas) e redes sociais que contribuísen aos seus obxectivos nacionais pero tamén a cultura dos países de acollida e a cultura universal en xeral.

Sen ánimo de idealizar o exilio galego en América ou de defender que este estea libre de esencialismos nos seus discursos, hai que valorar que, como ben sinalan Hopper e Baltrusch, o concepto transnacional xorde para Galicia vinculado necesariamente ao discurso cultural de emigrantes e exiliados, e este é un discurso desde a marxe, polo tanto, nel teñen necesariamente que poder observarse tópicos culturais que, de non se transformaren completamente, cando menos se esfaren na práctica da creación artística ao non resultaren funcionais ou

rechiaren ao ser manexados desde unha identidade inadapta. Isto é o que acontece, ao noso entender, coa figura da viúva de vivo.

Imos partir dun exemplo concreto, “La asegurada”, o último conto de *Historias e invencions de Felix Muriel* (1985 [1943]), de Rafael Dieste. Un conto que ao noso entender é o central no libro e no que Eloísa, a protagonista, que é unha viúva de vivo, parece personificar as esenciais da Galicia lembradas desde o exilio. Unha Galicia estática na que non se observan as marcas da guerra, unha Galicia edénica. Esta moza montañesa está en comunión coa terra e os animais, é respectada e querida na comunidade, nos seus percorridos da montaña a costa une as dúas Galicia e forma parte dalgún xeito da odisea da emigración ao ter que sobre levar a posición vulnerable na que queda coa marcha do home e a profunda soidade. Porén, Eloísa ten nome propio. A súa historia persoal vén marcada mesmo desde o título: “La asegurada”. Ademais, Eloísa está tola.

Casada xusto antes da partida del a América, pode semellar unha tola de amor pero non o é. Non perde o sentido dun día para outro pola insoportable ausencia do seu home. En principio continúa coas rutinas e os hábitos diarios pero pouco a pouco vaíse convertendo nunha imitación de si mesma:

Ella no quería apartarse del genio con el que la conocían (...). De modo que aún se la vio luchar por mantener aquellos gestos y asideros del hábito, aquellos signos de estar viva y solo la madre, cuando más la veía remedarse a sí misma, más se daba cuenta de cómo se iba ensimismando. Pero después todo el mundo notó que empezaba a perder el tino de los días y hasta del orden con que se nombran, como si sólo existiese para ella el tiempo elástico de los sueños (...). (Dieste 1985: 245)

Os movementos do seu corpo eran só a continuidade mecánica das rutinas do pasado e do futuro previsto para una muller de súa clase social. Un futuro que para ela xa non existía pois, como viúva de vivo, quedara desconectada dos roles tradicionais da muller: esposa e nai. A súa vida quedara reducida a convencións, costumes e movementos repetitivos: “Oh, no quería morir así, sin que la acompañaran los vivos ni los muertos, desvanecerse como una sombra” (*Ibid.* 245).

Ela é un ser ausente e presente dentro da súa comunidade, unha pantasma portadora da

memoria dunha situación, real, arrepiente: a soidade e vulnerabilidade das viúvas de vivo.

Os seus veciños inventan para ela, e sobre todo para eles mesmos (para recuperar o equilibrio da comunidade), historias maravillosas tentando buscar unha xustificación ao feito de que o marido non regrese nin envíe noticias. Pero a realidade reaparece nas conversas inevitablemente. Eloísa tolea ao quedar fóra de calquera rol previsto para ela. Ademais, o tempo de espera lévaa a tomar consciencia de si mesma e da súa situación. É, paradoxalmente, unha tola consciente: “Siempre hay una loca y ahora yo soy la loca” (*Ibid.* 238).

Ademais Eloísa non pode, como acontece coa Galicia do poema de Díaz Castro, agardar durmida nese soño que é, dalgún xeito, a súa loucura, ela é unha muller real e de aí que o conto remate coa súa morte prematura no que semella máis un suicidio que un accidente. Non hai paraíso edénico para a viúva de vivo e polo tanto non hai comunidade edénica (González Fernández 2014: 60).

Xorden desde a mirada exílica, como nos textos de Rosalía de Castro, a muller individual, a vítima real. A tola, a suicida.

### 3. Conclusións

Cando os autores galegos escriben desde unha posición exílica, a *viúva de vivo*, como modelo fundacional da espera, deixa de ser apenas una metáfora da feminidade que encarna a nación e xorden ademais as suicidas e as tolas.

Na sección “Viúvas de vivos” de *Follas Novas*, Rosalía de Castro, desde a súa condición marxinal de muller-escritora, pon o foco nas traxedias particulares das labradoras e “a súa humanización desmotiva as metáforas no corpo feminino” (González Fernández 2013: 55). O mesmo acontece, na nosa opinión, con algúns dos escritores exiliados pola Guerra Civil, como xa vimos con Dieste. Ademais, este feito non debería resultar chocante pois “Rosalía, la voz inaugural de la literatura gallega contemporánea, se convierte en presencia recurrente en los momentos fundamentales de redefinición del discurso nacional” (González Fernández 2009: 99).

Aínda que nun principio a viúva de vivo está cargada de elementos esencialistas e semella unha especie de pantasma viva, en moitos casos estes autores non van poder evitar, pola súa ideoloxía e a posición marxinal desde

a que escriben, mostrarnos a muller real que a metáfora da nación esconde.

En termos xerais, os textos dos exiliados, tanto literarios como discursivos, están cheos de espectros, de “Santa Compañía de inmortaes galegos” (Castelao 2000) e non nacidos que farán memoria “nos petos das ánimas/ un novo amor a liberdade” (Seoane 1994b: 50), pero como ten sinalado María do Cebreiro non se trata de elementos folclóricos senón de activadores da memoria colectiva (Rábade Villar 2011: 29). Ao noso entender, nun principio, a aparición nos textos do exilio republicano galego da viúva de vivo parte desta mesma premissa. A súa representación tradicional, colócaa nas ringleiras de espectros que activan a memoria colectiva, a súa vulnerabilidade merece memoria<sup>3</sup> porque forman parte, dalgún xeito, desa odisea colectiva que para eles é a emigración centro da súa nación imaxinada, ao tempo que os vincula a idea de retorno.

Esa vella desamañada, afastada, soia  
podería ser Galicia,  
esquizada, tamén arredada, soio ósos  
tola, refugando unha morte prometeica (...)  
(Seoane 1994b: 71)

Porén a estas mulleres fantasmais a representación réstalles realidade e a contradición está servida cando autores como Seoane vinculan a viúva de vivo, unha realidade contemporánea, a ringleira histórica de heroínas coa que crea a estirpe da nación: as queimadas por bruxas, ás que loitaron la Guerra de

Independencia contra os franceses, as republicanas, as guerrilleiras...

Como creador marxista para Luís Seoane, e para non poucos exiliados, a contemplación do pasado implicaba unha visión do presente (González Fernández 1999: 660). Así atopamos nos seus poemas, en presente, mulleres viúvas con nome propio:

#### Un ollo soio

Na aldea din que a vella tía Medusa de recén  
[casada toleou.  
Cando moza belida, fai moitos anos, o home  
[para América emigrou.  
(Seoane 1994a: 78)

En definitiva, como podemos observar nos exemplos dados de Seoane ou Dieste, entre os exiliados, coma en Rosalía, hai unha tendencia maior a humanizar e personalizar a paisaxe que describen e facer con ela unha denuncia da traxedia que desde o individual se torna colectiva. Se a nación se encarna nunha muller concreta, de carne e oso, que sofre e padece a emigración desde a súa propia terra xorde unha subxectividade non prevista (González Fernández 2009: 101) porque a viúva toma consciencia da súa durísima realidade e o lector tamén.

O marxismo, compromiso social e internacionalismo dos autores do exilio non lles permite permanecer indiferentes á muller individual que esconde a representación da nación. Xorden así as traxedias individuais e con elas as vítimas imprevisibles da nación.

## 4. Referencias bibliográficas

- Anderson, Benedict (1993): *Comunidades imaginadas: Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo* (traducción de Eduardo L. Suárez). México: Fondo de Cultura Económica.
- Assmann, Jan (1995): *Cultural Memory Writing, Remembrance, and Political Imagination in Early Civilization*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Baltrusch, Burghard (2008): “Tradución e nación. Galicia entre a lusofonía e o posnacionalismo”, *Grial. Revista galega de cultura* 179, pp. 60-67.
- Castelao, Alfonso Daniel R. (2000 [1941]): *Discurso sobre el origen del pueblo gallego y de la emigración*. Buenos Aires: Edición Galicia, Centro Gallego de Buenos Aires (<http://vello.vieiros.com/25xullo/albagroria.html>).
- Castro, Rosalía de (1993): *Follas novas* (edición de Henrique Monteagudo e Dolores Vilavedra). Vigo: Galaxia.
- Dieste, Rafael (1985): *Historia e invenciones de Felix Muriel* (edición de Estelle Irizarry). Madrid: Catedra.

<sup>3</sup> Para un tratamento máis pormenorizado desta cuestión véxase Garrido González 2015.

- Ilie, Paul (1980): *Literature and Inner Exile. Authoritarian Spain, 1939-1975*. Baltimore: The Johns Hopkins UP.
- Garrido González, Ana (2015): "Viudas de vivos. La representación desde el exilio gallego de la vulnerabilidad y la violencia en el cuerpo y el rostro de la mujer que espera, a partir de la obra de Luís Seoane y Alfonso Daniel Rodríguez Castelao". en M. Carrera Garrido e Mariola Pietrak (eds.), *Narraciones de la violencia. Violencia y discurso en el mundo hispánico. Género, cotidianidad y poder*. Sevilla: UMCS / Ediciones Padilla Libros, pp. 251-270.
- González Fernández, Helena (2013): "La nación edénica y la vulnerabilidad de las mujeres en Rosalía de Castro", en E. Losada Soler, H. González Fernández e A. Ramos González (coords.), *Lo que callan los corpos, lo que afirman los cuerpos*. Sevilla: ArCiBel, pp. 43-62.
- (2009): "La mujer que no es sólo metáfora de la nación. Lecturas de las viudas de vivos de Rosalía de Castro", *Revista de dones i textualitat* 15, pp. 99-115.
- (1999): "Figuras femininas na obra literaria de Luís Seoane", en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 655-664.
- González-Millán, Xoán (1994): "Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega", *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, pp. 67-81.
- Hooper, Kirsty (2005): "Novas cartografías nos estudos galegos: Nacionalismo literario, literatura nacional, lecturas posnacionais", *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, pp. 64-73.
- López Sande, María (2016) "Women's mobility in Contemporary Galician Literature: from «Widows of the Living» to «I too wish to navigate»", en M<sup>a</sup> J. Lorenzo-Modia (ed.), *Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh and Galician Literatures*, pp. 10-26.
- Migúelez-Carballeira, Helena (2014): *Galiza, un povo sentimental? Género, política e cultura no imaginario nacional galego*. Santiago de Compostela, Através editora.
- Pérez Lucas, Paula (2007): "Proto-nacionalismo y género: imaginando Galicia en la prensa femenina", en L. Álvarez Pousa, A. B. Puñal Rama e J. Evans Pim (coords.), *Comunicación e xénero. Actas do Foro Internacional celebrado en Liña e en Pontevedra entre o 9 de outubro e o 25 de novembro de 2006*. Santiago de Compostela: Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, Observatorio Galego dos Medios (Serie Xornalismo Social vol. 1.1), pp. 289-308.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2011): *Fogar impronunciable. Poesía e pantasma*, Vigo: Galaxia.
- Seoane, Luís (1994a [1952/1956]): *Fardel de eisilado. Na Brétema Sant-Iago* (edición de Beatriz Eiroa e Concepción Moure). Vigo: Xerais.
- (1994b [1959/1972]): *As cicatrices. A maior abundamento* (edición de Beatriz Eiroa e Concepción Moure). Vigo: Xerais.
- Vázquez López, Xesús Fernando (2007): "A muller na poesía galega de Xosé María Díaz Castro", en H. González Fernández, M<sup>a</sup> X. Lama López (coords.), *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos: mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da península*. Sada / Barcelona: Edicións do Castro / Universitat de Barcelona, vol. 2, pp. 313-324.